

MEMORIA DE ACTIVIDADES

Bolseiros OMA

2010-2011



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

OMA - Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental



OMA

		
	OFICINA DE MEDIO AMBIENTE (OMA-UDC) Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental	

MEMORIA DE ACTIVIDADES

BOLSEIROS OMA

2010-2011

1 Mobilidade na UDC

1.1 Programa préstamo de bicis na UDC

1.2 Exposición “Medios de transporte na UDC”

1.3 Curso de mecánica de bicis

2 Outono Ambiental

3 Día das zonas húmidas

4 Primavera Ambiental

5 OMA na rede

Membros do grupo

Alvariño Bouza, Cristina

Carballido, Ana Yaiza

Cordeiro Brión, Estefanía

Fandiño, Ana

Fernández Castrillón, Francisco

García Lema, Javier

González, Rebeca

Pérez Álvarez, Damián

Rivas, Ana

Vázquez, David

Coa colaboración de:

Manuel Soto Castiñeira

Director da Oficina de Medio Ambiente

MOBILIDADE NA UDC

PROGRAMA DE PRÉSTAMO DE BICIS NA UDC

O sistema de préstamo de bicicletas é un programa levado a cabo pola OMA (Oficina de Medio Ambiente) da Universidade da Coruña, e conta coa colaboración de Mobi-Liza (Asociación por unha mobilidade responsable).

O obxectivo do programa de préstamo é fomentar o uso da bicicleta como medio de transporte entre a comunidade universitaria.

No curso 2010-2011 concedéronse 140 bicicletas por rigorosa orde de inscrición, a metade aproximadamente de tamaño grande (28") e a outra metade de tamaño medio (26"), entre todas as persoas que as solicitaron. As persoas participantes están obrigadas a cubrir unha enquisa inicial e outra final que serven

para analizar o funcionamento do servizo, a súa efectividade e o grao de satisfacción co servizo.

A entrega das bicicletas completouse cunha charla sobre o estudo de mobilidade realizado na UDC, ofrecida por Manuel Soto (director da Oficina de Medio Ambiente), xunto cunha explicación sobre a circulación segura pola cidade da Coruña, itinerarios para o acceso ao campus en bicicleta e rolda de dúbidas levada a cabo por Marcial Blanco (Mobi-Liza).

Paralelamente realizáronse outras actividades formativas e informativas, coa finalidade de promover o uso efectivo das bicicletas concedidas.



EXPOSICIÓNS

“PEGADA ECOLÓXICA” E

“MEDIOS DE TRANSPORTE

NA UDC”

O persoal bolseiro da OMA instalou estas dúas exposicións en diversos centros da UDC. A primeira presenta os conceptos de pegada e débeda ecolóxicas, e as cifras da pegada ecolóxica no mundo, en Galiza e na UDC. A segunda é unha exposición que invita á reflexión sobre os medios de transporte empregados pola comunidade universitaria da UDC.

Nesta última exposición pódense observar diversos estudos realizados para diferentes medios de transporte (coche, moto, bus, bicicleta e a pé), tales como:

- Medio en que se pasa máis tempo parado
- Velocidades medias totais
- Pegada ecolóxica e impacto económico.

Seguidamente, convídase ao fomento do uso da bicicleta na UDC, citándose algunhas das vantaxes que posúe este medio como: tempo, economía, eficacia, ecoloxía, territorio, seguridade etc. E inclúe consellos para circular en bicicleta e algunha curiosidade sobre o uso deste medio de transporte.

Para o peche da exposición, pódese considerar unha reflexión sobre o novo plan de mobilidade da UDC. Este modelo pretende a mellora da calidade dentro do ámbito universitario e a calidade de vida da súa comunidade, ao tempo que mellora a funcionalidade e a organización dos campus de Elviña e da Zapateira. Así mesmo, perséguese a redución do número de viaxes en transporte privado en prol de medios máis sustentábeis e un novo repartimento de usos e de funcións para liberar espazo público hoxe reservado ao coche.

Ambas exposicións estiveron en maio de 2011 na fac. de Socioloxía e Ciencias da Comunicación, e en xuño-xullo na fac. de Ciencias da Educación. Previamente, a exposición da pegada estivera xa na facultade de Ciencias, en novembro-décembro, e no Pavillón de Estudantes, en marzo-abril. Estas exposicións continuarán a realizarse



en diferentes facultades ou espazos da UDC no vindeiro curso, para un mellor achegamento á comunidade universitaria.

CURSO DE MECÁNICA DE BICIS

A charla-obradoiro foi realizada por Luís, un dos integrantes de Masa Crítica da Coruña.

Durante a sesión explicáronse os coñecementos básicos de mecánica que se precisan manexar para realizar o mantemento mínimo das bicicletas na casa. Ao mesmo tempo, fixéronse recomendacións da circulación por cidade baseadas na experiencia persoal do relator.

O curso iniciouse cunha breve presentación tanto persoal como do propio curso. En todo momento se nos manifestou o carácter interactivo e participativo por parte dos asistentes. Así pois, comezaron as explicacións e entre elas vimos como axustar ou cambiar os freos, o cambio tanto dianteiro como traseiro, manter ben engraxada e limpa a cadea e como regular a altura da sela e do guiador acorde coa nosa estatura para obtermos unha posición cómoda á hora de utilizarmos as nosas *bicis*. Todo coa demostración *in situ* sobre un par de bicicletas, para podermos ver o procedemento e incluso probar a facérmolo nós mesmos.

A asistencia foi de 25 persoas, algunhas das cales se amosaron moi participativas con dúbidas e preguntas de todo tipo relacionadas cos temas expostos por Luís, ás que este deu resposta en todo momento. O curso impartíuse nun ambiente distendido e de proximidade entre relator e participantes, e cumpriu á perfección cos obxectivos marcados.



PROXECTO RÍOS UDC

A oficina de Medio Ambiente da Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental da UDC organizou en outono de 2010 dúas actividades de formación e participación como voluntariado ambiental: Proxecto Ríos e Pegada ecolóxica na UDC.

Coa posta en marcha do Proxecto Ríos na UDC buscouse, ademais de difundir o voluntariado ambiental, coñecer os ríos que discorren polo campus, a súa contorna e aqueles organismos vivos que forman parte do territorio.

Para isto, realizáronse toda unha serie de actividades centradas fundamentalmente na poboación universitaria mediante charlas e accións práctico-formativas que posteriormente foron completadas con labores de limpeza e de recollida de refugалlos.

En novembro de 2010, o persoal bolseiro da OMA, da man do coordinador Francisco Bañobre, de ADEGA, tivemos o noso primeiro contacto co modelo Proxecto Ríos, que constou nesta primeira fase de:

- Xornadas de formación sobre o Proxecto Ríos: venres 12 e mércores 24 de novembro
- Limpeza do río Lagar no campus de Elviña: xoves 25 de novembro.

Con anterioridade ás ditas actividades, os bolseiros encargámonos de potenciar a inmersión da comunidade universitaria nese proxecto a través do establecemento de toda unha serie de mecanismos tales como blogs e webs dos centros e propias.

Ademais, elaboramos un informe en que se establecían claramente cales foran os patróns desenvolvidos para a posta en marcha do proxecto. O informe estruturábase nas seguintes partes:

- Explicación do Proxecto Ríos como elemento dinamizador aberto a calquera persoa ou colectivo que asumir o

compromiso de levalo adiante, a través da realización de inspeccións periódicas e, se se desexar, da participación no Programa de Adopción de Ríos, facéndose responsábeis, nalgunha medida, de velar polo estado daqueles treitos de río seleccionados.

- Metodoloxía de actuación: cada grupo deberá elixir o tramo de río que quere inspeccionar, aproximadamente duns 500 metros, comunicalo ao PR e recoller o material que o programa facilita: guía de inspección, fichas de campo e outros materiais de análise (reactivos de análise química da auga).
- Acción no río do Lagar (Elviña), limpeza do río.

PROXECTO RÍOS NA UDC

O Proxecto Ríos realizará actividades de voluntariado ambiental arredor dos ríos no espazo de Elviña-A Zapateira. As actividades serán:

- Xornadas de formación sobre Proxecto Ríos:
Mércores 24 de novembro, de 11:30 a 14 h
Salón de Actos do SAI (Edificio de Servizos Centrais de Investigación, Elviña, Planta -4)
- Limpeza de Ríos no campus de Elviña:
Xoves 25 de novembro, a partir das 11:30 a 14 h.
Punto de encontro: rampla do Edificio de Servizos Centrais de Investigación entre 11:30 e 12:10 h. Limpeza no Río do Lagar, entre 12:10 e 14:00 h.

Para as xornadas do Proxecto Ríos compre levar roupa e calzado axeitados, para achegarse ao río, se o tempo o permite. Para o día da Limpeza recoméndase levar botas altas e roupa axeitada segundo a climatoloxía.

PARTICIPA!!
Anótate, en calquera das actividades, enviando un correo a oma2@udc.es

+ info:
<http://www.proxectorios.org/>

Organiza



proxecto
ríos



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Oficina de Medio Ambiente. Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental



PEGADA ECOLÓXICA E FEIRA DA SUSTENTABILIDADE

En novembro de 2010, o persoal bolseiro da OMA participamos nas actividades coordinadas pola Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA) e Feitoría Verde, en colaboración coa UDC, consistentes en:

➤ Xornada formativa, o día 18 de novembro

Co fin de recibir unha formación previa ao evento, convocóusenos a unha reunión na Facultade de Ciencias o día 18 de novembro con Miguel Pardellas Santiago (SGEA) e Noa Estévez Pérez (Feitoría Verde). Nela tratáronse os seguintes temas:

- Introducción sobre a pegada e a débeda ecolóxicas
- Obradoiro de reflexión sobre a pegada ecolóxica e a crise ambiental, organizado en catro grupos de traballo: transporte, enerxía, educación/cultura e alimentación
- Debate final desde dous puntos de vista: situación actual e situación ideal
- Distribución das tarefas previas á Feira.

➤ Exposición itinerante sobre a Pegada Ecolóxica na UDC

Ao longo dos 15 paneis de que consta a exposición, descóbrese o que é a pegada ecolóxica, o cálculo rápido da nosa pegada individual, a concienciación da débeda ecolóxica existente no planeta e o coñecemento dos principais impactos ambientais das actividades.

➤ I Feira da Sustentabilidade na UDC, o día 2 de decembro

A PEGADA ECOLOXICA NA UDC

Crise ambiental
Débeda ecolóxica
Planeta Terra
Galiza
UDC
Solucións

I FEIRA DA SUSTENTABILIDADE

Xoves 2 de decembro de 11:30 a 14h
Facultade de Ciencias, Campus da Zapateira

*Haberá mercado do troco, produtos ecolóxicos de balde,
murais creativos, expo pegada ecolóxica...*

**Trae cousiñas para trocar e moita
imaxinación!!**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

OMA - Vicecancelaría de Infraestruturas e Xestión Ambiental





DÍA DAS ZONAS HÚMIDAS

O día 2 de febreiro, “Día Mundial das Zonas Húmidas”, o Proxecto Ríos e ADEGA, xunto co CEHUM e a Fundación Biodiversidad, desenvolveron unha actividade de voluntariado ambiental nas lagoas de Xuño e Muro en Porto do Son, destinada a mellorar o estado ecolóxico destas dúas zonas húmidas protexidas no marco da iniciativa “MÓLLATE POLOS HUMIDAIS”. Os bolseiros da oficina sumáronse á iniciativa participando nos labores como voluntarios.

A actividade comezou ás 9:30 h coa recepción dos participantes na estación de autobuses de Compostela. De alí dirixímonos ao cámping de Xuño onde, logo de tomar un café e presentarnos, o equipo educativo do Proxecto Ríos realizou unha pequena explicación sobre os problemas que causan as especies exóticas invasoras



no medio natural, as vías de entrada e as accións que se poden levar a cabo para paliar os efectos das bioinvasións. Tamén se deron explicacións de como identificar as especies sobre as que iamos traballar, amosando fotografías e exemplares recollidos previamente durante a preparación do campo, e espuxéronse os dereitos e deberes do voluntariado.

Os participantes contamos coa ferramenta axeitada para a realización das actividades de eliminación, un seguro de responsabilidade civil e accidentes colectivos, e tivemos cuberta a manutención e o desprazamento.

Posteriormente á charla deuse a coñecer o espazo onde iamos actuar, e recoñecemos *in situ* as especies sobre as que traballar. Tamén houbo tempo para identificar as aves acuáticas que nesta época visitan as lagoas. Na súa identificación axudounos Xurxo Mouriño. Así mesmo, contamos con membros da mancomunidade

de montes do lugar, que nos explicaron algunhas das actuacións que está levando adiante.



A continuación os voluntarios foron organizados en catro grupos dedicados á eliminación de cana, herba da pampa-tritonia, papiro-cana e un grupo itinerante que se ocupou da eliminación de manchas de especies variadas como *oxalis* e cana. Cada un dos grupos traballou nun hábitat diferente: deste xeito, o papiro

eliminouse dunha zona de charcas temporais, os *oxalis*, herbas da pampa e as canas elimináronse da duna gris e as calas ou cornos elimináronse do río de Rial, xa na desembocadura da lagoa de Muro. A cada grupo proporcionóuselle a ferramenta axeitada para cada especie, así como a ficha de datos onde recoller información sobre a especie, tamaño da mancha, método de eliminación, ferramenta empregada etc.

Os distintos grupos estiveron traballando nas diferentes zonas asignadas e preto das 18.30h transportamos todos os restos vexetais retirados e procedemos a pesar os sacos. Ás 19.00h achegámonos ao bar, onde tomamos un refrixerio para recuperar forzas, e despois de realizarmos a avaliación da actividade demos por concluída esta primeira actuación nas lagoas de Xuño e Muro, cunha participación de 40 persoas.



Fuente: http://www.proxectorios.org/index.php?option=com_content&task=view&id=198&Itemid=29



- I- Antecedentes e obxecto da “Primavera Ambiental”
- II- Actividades programadas
 - I Ciclo de Cine Verde da UDC
 - II Feira da Sustentabilidade da UDC
 - Auga e Ríos na UDC
 - Compostaxe na UDC
- III- Conclusións



Nos meses de abril e maio programáronse desde a Oficina de Medio Ambiente e a través dos bolseiros, xunto coa colaboración de Feitoría e a asociación ADEGA, unha serie de actividades dedicadas a promover as boas prácticas entre a comunidade universitaria no ámbito do medio ambiente. Esta iniciativa recibiu o nome de “Primavera Ambiental” e pretendeu ser un primeiro paso para a divulgación e a concienciación da sociedade universitaria con medidas sustentables ante a actual situación do medio ambiente.

Algúns dos temas abordados na Primavera Ambiental foron o cambio climático, a enerxía nuclear, o voluntariado ambiental, a conservación dos ríos galegos, a reciclaxe e a mobilidade sustentable entre outros.

Tamén houbo lugar para dar a coñecer produtos ecolóxicos a través de cooperativas ou produtores galegos, difundir accións solidarias, así como desenvolver iniciativas de intercambio de obxectos inservibles que buscan unha nova finalidade en mans doutro propietario.

As actividades realizáronse en distintas facultades, así como en zonas propias da Universidade da Coruña no caso da inspección do río Lagar ao seu paso por Elviña.

Nalgúns dos actos programados, como por exemplo o ciclo de cine ou a conferencia sobre auga e ríos, contamos coa colaboración desinteresada de profesores da UDC. Noutros, con colectivos como Masa Crítica, Proxecto Ríos etc. ou organizacións como Enxeñeiros e Arquitectos Sen Fronteiras, entre outras.

A continuación exporase unha breve memoria de cada actividade da Primavera Ambiental. Todo o material gráfico e o labor de difusión foi realizado polo colectivo bolseiro de medio ambiente.

PRIMAVERA AMBIENTAL NA UDC

DO 14 DE ABRIL AO 12 DE MAIO DE 2011

(solicitado un crédito de configuración: os interesados deberán inscribirse enviando un correo a oma2@udc.es, onde terán información adicional)

I CICLO DE CINE VERDE DA UDC

Programa de cada xornada: introducción ao tema, proxección, coloquio.

XOVES 14 DE ABRIL ás 18.30 h no salón de actos da Facultade de Ciencias
CAMBIO CLIMÁTICO. Proxección de HISTORIA DEL AGUA EMBOTELLADA / LA HORA ONCE
Coloquio con Federico Martín Palmero, profesor de Fundamentos da Análise Económica, Facultade de Socioloxía (UDC)

XOVES 28 DE ABRIL ás 18.30 h no salón de graos da Facultade de Económicas
CRISE NUCLEAR. Proxección de EL SÍNDROME DE CHINA
Coloquio con Oscar Cabeza Gras, profesor de Física, Facultade de Ciencias (UDC)

XOVES 5 DE MAIO ás 18.30 h no salón de actos da Facultade de Informática
MOVIMENTO ALTERMUNDISTA. Proxección de BATALLA EN SEATTLE
Coloquio con María del Carmen Lamela Vieira, profesora da Facultade de Socioloxía (UDC)

II FEIRA DA SUSTENTABILIDADE DA UDC

XOVES 28 ABRIL de 11 a 19 h na carpa diante da Facultade de Socioloxía (Elviña)
EXPOSICIÓN, MESAS INFORMATIVAS, OBRADOIROS, COMERCIO XUSTO, MÚSICA...
por Feitoría Verde.

ÁUGA E RÍOS NA UDC

MÉRCORES 27 DE ABRIL ás 13 h, no salón de actos da Facultade de Ciencias
PROXECTO SOSTAUGA. Presentación do Proxecto para a xestión sostible da auga na UDC
Participan Juan Cagiao, profesor da ETS Camiños, e Manuel Soto, director da Oficina de Medio Ambiente da UDC

LUNS 2 DE MAIO ás 13 h no aula 13 da Facultade de Ciencias
CUSTODIA FLUVIAL. Charla explicativa sobre custodia fluvial por ADEGA-Proxecto Ríos

MÉRCORES 4 DE MAIO ás 12 h no río do Lagar (Elviña)
INSPECCIÓN DE RÍOS. Saida formativa por ADEGA-Proxecto Ríos

COMPOSTAXE NA UDC

XOVES 12 DE MAIO
VISITA PRÁCTICA ás 12 h, na Praza da Fraga (Zapateira). Visita aos composteiros da UDC nos centros da Zapateira
Manuel Soto, Profesor de Enxeñaría Química, Facultade de Ciencias (UDC)
Marcos Vázquez Trillo, Grupo de Investigación Enxeñaría Química e Ambiental
Ramón Plana, Consultor ambiental, PlanaCompost

CONFERENCIA ás 13 h no salón de actos da Facultade de Ciencias
Compostaxe e sustentabilidade: procesos de compostaxe, calidade e uso agrícola.
Montserrat Soliva, Catedrática, Departamento de Ingeniería Agroalimentaria y Biotecnología, (UPC)



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Oficina de Medio Ambiente
Vicerreitoría de Infraestruturas
e xestión ambiental

II. ACTIVIDADES PROGRAMADAS DA PRIMAVERA AMBIENTAL

I Ciclo de Cine Verde

Dentro do programa organizado desde a Oficina de Medio Ambiente da UDC, os bolseiros organizamos un ciclo de cine de temática medioambiental para, desta forma, sensibilizar a comunidade universitaria sobre o importante que é coidarmos o noso medio.

As proxeccións elixidas para esta actividade foron:

- O documental *La hora once*, que nos introduciu un tema moi de actualidade como é o cambio climático e as súas consecuencias.

- *Síndrome de China*", película sobre os perigos da enerxía nuclear.

- *Batalla en Seattle*, que narra a tensa situación que se viviu en torno ao encontro da Organización Mundial do Comercio en Seattle no ano 1999.

Previamente a cada proxección leváronse a cabo unhas charlas introdutorias a cargo de profesores da UDC, onde se espuxo máis amplamente o tema central e os participantes tiveron a oportunidade de formular as súas preguntas.

O ciclo de cine realizouse en distintos centros da Universidade da Coruña. A idea inicial foi a de organizalo nunha das salas de proxección do Fórum Metropolitano no Parque Europa, pero dado que hai que reservar con bastante antelación, finalmente non foi posible. Gustábanos máis este emprazamento pois podería acudir todo tipo de persoas, non soamente membros da comunidade universitaria, e ademais o horario para as proxeccións non estaría limitado pola hora de peche das facultades. Este foi o maior problema que encontramos: fixarmos un horario que non interrompese as clases e que cumprise cos requisitos dos horarios das salas utilizadas na UDC.

A duración aproximada de cada sesión era dunhas tres horas entre charla introdutoria e proxección, polo que axustarmos os horarios foi o máis difícil para poder levar a cabo esta actividade.

En resumo, e tal e como se viu reflectido na enquisa posterior que se realizou desde a OMA, o ciclo de cine tivo moi boa acollida entre os participantes, que opinan que se debería continuar en vindeiros anos con este proxecto.

PRIMEIRO CICLO DE CINE VERDE DA UDC



XOVES 14 DE ABRIL AS 18.30H NO SALÓN DE ACTOS DA FACULTADE DE CIENCIAS
CAMBIO CLIMÁTICO. INTRODUCCIÓN A CARGO DO PROFESOR MARTÍN PALMERO
HISTORIA DEL AGUA EMBOTELLADA / LA HORA ONCE

XOVES 28 DE ABRIL AS 18.30H NO SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE ECONÓMICAS
CRISIS NUCLEAR. INTRODUCCIÓN A CARGO DO PROFESOR CABEZA GRAS
EL SÍNDROME DE CHINA

XOVES 5 DE MAIO AS 18.30H NO SALÓN DE ACTOS DA FACULTADE DE INFORMÁTICA
MOVIMIENTO ALTERMUNDISTA. INTRODUCCIÓN A CARGO DA PROFESORA LAMELA VIEIRA
BATALLA EN SEATTLE

Inscripción mediante email a oma2@udc.es ata as 18h do 14 de abril.
Acceso libre ata completar aforo.

SOLICITADO UN CRÉDITO
DE LIBRE CONFIGURACIÓN



PRIMEIRO CICLO DE CINE VERDE DA UDC



XOVES 14 DE ABRIL AS 18.30H NO SALÓN DE ACTOS DA FACULTADE DE CIENCIAS
CAMBIO CLIMÁTICO. INTRODUCCIÓN A CARGO DO PROFESOR MARTÍN PALMERO
HISTORIA DEL AGUA EMBOTELLADA / LA HORA ONCE

XOVES 28 DE ABRIL AS 18.30H NO SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE ECONÓMICAS
CRISIS NUCLEAR. INTRODUCCIÓN A CARGO DO PROFESOR CABEZA GRAS
EL SÍNDROME DE CHINA

XOVES 5 DE MAIO AS 18.30H NO SALÓN DE ACTOS DA FACULTADE DE INFORMÁTICA
MOVIMIENTO ALTERMUNDISTA. INTRODUCCIÓN A CARGO DA PROFESORA LAMELA VIEIRA
BATALLA EN SEATTLE

Inscripción mediante email a oma2@udc.es ata as 18h do 14 de abril.
Acceso libre ata completar aforo.

SOLICITADO UN CRÉDITO
DE LIBRE CONFIGURACIÓN



II Feira da Sustentabilidade

PREPARATIVOS PARA A FEIRA

Para a posta en marcha desta actividade realizáronse reunións de planificación durante os tres meses anteriores á data de celebración da feira. Os bolseiros da OMA foron os encargados de organizar algunhas das actividades como o obradoiro de coiro, o *fotocall* e os concertos, así como do material necesario (mesas, cadeiras, pancarta feita á man con teas vellas, alugamento dunha carpa) e a coordinación da feira. Por outra banda, Feitoría Verde dedicouse a contactar cos organismos participantes e a súa estruturación dentro do recinto.

O día previo á feira, os bolseiros recadaron o mobiliario necesario no almacén da Facultade de Socioloxía. Tamén se limitou o acceso dos vehículos ao recinto onde ao día seguinte se ía colocar a carpa para o evento.

O propio día da feira montáronse os postos, así como a pancarta e as diferentes zonas onde se ían realizar ao longo da xornada todas as actividades e obradoiros.

FEIRANTES PARTICIPANTES

- **Posto da OMA**, onde se ofrecía información das actividades e diversos panfletos sobre o medio ambiente e outros temas de sensibilización relacionados con el.
- **Feitoría verde**, coorganizadora xunto cos bolseiros da OMA. Cooperativa que promove prácticas de educación ambiental.
- **Posto de axuda ao Xapón**: Con motivo do terremoto e o posterior tsunami no Xapón, os alumnos de xaponés da Escola Oficial de Idiomas da Coruña promoveron a recadación de fondos para o país nipón a través da venda de todo tipo de obxectos xaponeses, así como o ensino da realización de determinadas figuras a través da papiroflexia (grúas).
- **Posto de comida ecolóxica**: Produtos ecolóxicos e comida elaborada á man por “Valle de Barcia”.
- **Posto de Zocamiñoca**: Cooperativa de consumo responsable da Coruña.
- **Posto de té e infusións** dunha cooperativa lucense. Promovíase o uso de produtos ecolóxicos e naturais con fins relaxantes, para problemas circulatorios etc.
- **Arquitectos e Enxeñeiros Sen Fronteiras**, que divulgaron os seus proxectos de cooperación ao desenvolvemento noutros países. Exposición de diversos

elementos de construción levados a cabo en función da zona, as necesidades e os residuos xerados.

- **Comercio Xusto de Galicia:** Comercializan produtos de colectivos desfavorecidos do Sur co obxectivo de mellorar o acceso ao mercado destes e cambiar as inxustas regras do comercio internacional.
- **Mesa de troco:** Intercambio entre os participantes de obxectos para lles buscar un novo uso en mans doutra persoa.
- **Masa Crítica:** Movemento ciclista que fomenta e reivindica o uso da bicicleta nas cidades. Realizaron reparacións e mantemento das bicis dos ciclousuarios que se achegaron durante toda a xornada.

OBRADOIROS

- **Obradoiro de coiro:** Achegar a artesanía do coiro á comunidade universitaria mediante a realización dun breve curso onde se puideron elaborar carteiras, pulseiras etc.
- **Obradoiro de xabón:** Demostración en vivo da elaboración de xabón a partir de aceite usado.

ACTIVIDADES

- **Fotocall:** Zona dedicada á realización de fotos de todos os participantes cos logos das asociacións, os colectivos, as cooperativas e, en xeral, todos os organismos involucrados na feira.
- **Murais:** “Miradoiro da sustentabilidade” e “Miradoiro da insustentabilidade”. Espazo dedicado á libre expresión onde se podía participar achegando ideas tanto para acadar un futuro máis sustentable como para denunciar os maos hábitos medioambientais na sociedade actual.
- **Xogos tradicionais:** Asociación compostelá dedicada á conservación e a recuperación de xogos ancestrais como a billarda, a chave ou os bolos, entre outros.
- **Contacontos:** Interpretación dunha historia ambientada na natureza sobre o vagalume.
- **Música en acústico e en directo** a cargo de Jorge Mirancos e César de Centi.

ACHÉGATE Á II FEIRA DA SUSTENTABILIDADE DA UDC

Xoves 28 de abril de 11 a 19h
Aparcadoiro de Socioloxía

EXPOSICIÓNS
MESAS
INFORMATIVAS
PRODUTORES
ECOLÓXICOS
OBRADOIROS
MIRADOIRO DA
SUSTENTABILIDADE
XOGOS
TRADICIONAIS
TALLER DE
REPARACIÓN DE
BICIS
MERCADO DO
TROCO
CONTACONTOS
MÚSICA

TRAE COUSAS
PARA TROCAR
reparto ás 13.30 e
ás 18.30h


QUEDA A
COMER CON NÓS
e deléitate o padal
con produtos sans
e ecolóxicos

TRAE O TEU
INSTRUMENTO
e amenízanos a
festa

organizan:



colaboran:



Auga e Ríos na UDC

Custodia Fluvial e Labores de Concienciación do Consumo Eficiente da Auga

INTRODUCCIÓN

Nunha sociedade como a actual en que a sensibilidade cara ao medio adquiriu unha notable influencia, a auga ten merecido unha especial atención como vehículo de actuación e difusión dun modelo sustentable. Tanto é así, que desde a Oficina de Medio Ambiente da UDC ténselle concedido unha especial atención na vertebración das actividades do persoal bolseiro a través das diferentes accións enmarcadas dentro dos planos trazados para o Proxecto Ríos e o Proxecto Sostauga.

A través destes programas, o que se intentou foi achegar a importancia da preservación e o uso da auga tanto a nivel infraestrutural como de preservación e posta en valor da riqueza natural do contorno da comunidade universitaria no Campus de Elviña–A Zapateira.

Polo tanto, púxose de manifesto o interese por un desenvolvemento sustentable dentro do ámbito universitario que permita unha valoración dos recursos hídricos e da mellora na calidade do ecosistema fluvial do río Lagar, tendo en conta que a relación simbiótica entre uso e calidade converte o río nun indicador de sustentabilidade do territorio.

OBXECTIVOS DAS ACTUACIÓNS

O obxectivo das xa citadas iniciativas (Proxecto Sostauga e Proxecto Ríos) foi actuar sobre o contorno universitario, presentando dúas vertentes ben diferenciadas. A primeira, o Proxecto Sostauga, pretende establecer un carácter técnico que axude a un maior aproveitamento dos recursos e, subsidiariamente, a concienciar a través de programas de difusión e indicadores de boas prácticas nas propias facultades. Pola súa banda, o Proxecto Ríos vehiculou o labor máis humano, co obxectivo de vincular os estudantes ao labor de voluntariado e posta en valor dos espazos naturais e de entretemento.

Desde este punto de vista, o que se intentou foi:

- Recuperar e valorizar o entorno fluvial próximo aos campus de Elviña e da Zapateira, tanto desde o punto de vista das infraestruturas (Proxecto Sostauga) como do humano (Proxecto Ríos).
- Promover o voluntariado e a preocupación pola protección ambiental no ámbito universitario.
- Promover un uso adecuado dos recursos nos diferentes centros.
- Contribuír por parte do persoal bolseiro e voluntario á limpeza do río Lagar.
- Educar e formar para a adopción de novos hábitos sobre o emprego da auga, a súa importancia ambiental e a participación cidadá na preservación dos ríos como forma de avanzar cara a unha sociedade máis respectuosa co medio.

Malia que nun comezo imos facer unha distinción entre os dous proxectos xa mencionados, debemos destacar que ambos os dous van estar estreitamente ligados, tal e como se vai facer constar na páxina web da UDC, en que tanto o proxecto Sostauga como o Proxecto Ríos se vehiculan arredor de toda unha serie de conceptos chave marcados pola Directiva Marco da Auga.

Para tales efectos establécense por parte da Universidade da Coruña toda unha serie de medidas xa mencionadas como obxectivos a potenciar mediante o labor difusor do persoal bolseiro:

1. Fomento do uso eficiente da auga.
2. Mellora dos sistemas de saneamento.
3. Limitación e optimización dos usos da auga.
4. Eliminación de obras obsoletas.
5. Conservación de fauna e flora.
6. Labores de limpeza e difusión do voluntariado.

Par isto, deberase informar a poboación universitaria das actuacións levadas a cabo e tentar implicar o maior número de persoas posible. De aí que percibamos o noso labor como bolseiros como un investimento en capital humano por parte da Universidade co fin de de chegar ao maior número de persoas posible.

O PROXECTO RÍOS

O luns 2 maio celebrouse unha segunda charla do Proxecto Ríos que tiña como principal obxectivo a difusión a un maior número de persoas na Facultade de Ciencias do campus da Zapateira, e que culminou coa saída ao río do Lagar do mércores 4 de maio. Esta consistiu nunha demostración práctica da inspección de ríos, en que de novo se tomaron medidas dos indicadores biolóxicos, físico-químicos e morfolóxicos. Con esta saída achegámonos ao que sería a posible e planeada custodia fluvial do río Lagar, un último paso que non se chegou a materializar, polo que queda como proposta para o colectivo bolseiro do vindeiro curso.



Presentación do Proxecto ríos na Fac. de Ciencias (02/05/2010)

O PROXECTO SOSTAUGA

O día 27 de abril tivo lugar na Facultade de Ciencias do campus da Zapateira a xuntanza correspondente ao proxectos SOSTAUGA, que como xa temos establecido con anterioridade vai facer referencia á parte máis técnica da xestión da auga.

Como parte deste labor técnico e da implicación de sectores como son a enxeñería e arquitectura, podemos dicir que se trata dun proxecto con maior proxección temporal que o anterior, o que o reviste dunha compoñente máis aplicada e que o centra en toda unha serie de obxectivos particulares, como os seguintes:

- Pásase a falar máis do ciclo da auga e das infraestruturas necesarias para facer del un modelo sustentable.
- Baséase máis nunha normativa legal que o proxecto anterior.
- Estúdase como acadar unha redución das augas residuais en orixe e mellorar o control da contaminación e das augas residuais que se envía ao sistema de saneamento.
- Foméntase a reutilización das augas residuais.

Unha vez realizadas todas estas melloras na rede de canalización da UDC, vai ser preciso seguir o proceso mediante as xa mencionadas análises biolóxicas, físico-químicas e morfolóxicas o que vai permitir enlazar ambos os dous proxectos como ao longo deste informe o vimos facendo.

Deste xeito, o Proxecto Sostauga para o uso sustentable da auga e a súa relación co territorio nos campus de Elviña e A Zapateira da Universidade da Coruña é un proxecto estratéxico para pór en valor a auga e os ecosistemas asociados ao seu ámbito. Trátase por tanto de preservar e potenciar un elemento chave do patrimonio sociocultural e ambiental deste territorio mediante o seu estudo técnico e o desenvolvemento posterior dunha serie de accións propostas.

Mais, ao nacer este proxecto desde a Universidade, as actuacións derivadas deben ser exemplares, de modo que favorezan a educación ambiental e a sensibilización de toda a comunidade académica e do seu ámbito de influencia, xa que, como dixemos anteriormente, existe unha relación simbiótica entre a calidade das augas e a sustentabilidade do territorio, o que confirma este eido como núcleo prioritario de actuación e protección.

Velaquí os obxectivos xerais do proxecto:

- Consegir un axeitado estado ecolóxico dos fluxos e as masas de auga existentes nos campus de acordo coas directrices da Directiva marco da auga da UE.
- Avanzar cara a unha xestión sustentable da auga en que se alcance o maior grao de autosuficiencia posible.
- No plano cultural, favorecer a potenciación das oportunidades únicas que ofrece a existencia de cursos fluviais, zonas húmidas e mananciais, intentar renaturalizar no posible estes elementos e mellorar os índices de biodiversidade.

CONCLUSIÓNS

A potenciación destes dous proxectos por parte da Universidade da Coruña ten xerado unha corrente de sensibilización de carácter prolongado no tempo e cuxas medidas, fomentadas pola asociación ecoloxista ADEGA e a Universidade da Coruña, poden chegar a ter unha forte repercusión social e medioambiental.

Como resultado, esta planificación e xestión dos recursos hídricos supón, para alén dunha posta en valor do patrimonio, unha acción de futuro canto á conservación e a sustentabilidade da diversidade no entorno do campus de Elviña.

Conferencia Proxecto SOSTAUGA

MÉRCORES 27 DE ABRIL
Ás 13 h, Facultade de Ciencias, Salón de Actos (1,5 h)

Presentación do Proxecto SOSTAUGA para a xestión sostible da auga na UDC

Participan:
Juan Cagiao, profesor da ETS Camiños,
Jesús Giz, enxeñeiro, Técnico Superior de Mantementos (UDC)
Manuel Soto, director da Oficina de Medio Ambiente da UDC



COMPOSTAXE NA UDC

Anteriormente ao ciclo da Primavera Ambiental, realizáronse dous eventos na UDC relacionados coa compostaxe:

- Unha primeira conferencia, o día 13 de xaneiro de 2011, no salón de actos da Facultade de Ciencias, a cargo de María Rodríguez Lafuente (ADEGA).



- Unha visita aos composteiros situados en Filoloxía, o día 31 de marzo de 2011. Neste evento, Marcos Vázquez Trillo, do Grupo de Investigación de Enxeñaría Química e Ambiental, xunto con Diego Rioboo, bolseiro desta oficina, explicaron o proceso de compostaxe, comentando en que consiste e cal sería a forma máis apropiada de levalo a cabo, ademais de facer unha pequena demostración práctica de como tratar os residuos orgánicos.



- O seguinte e derradeiro evento relacionado coa compostaxe na UDC incorporouse ao programa de actividades do ciclo da Primavera Ambiental.

Esta actividade, realizada o 12 de maio de 2011, consistiu nunha visita práctica aos composteiros da Zapateira e unha posterior conferencia, “*Compostaxe e sustentabilidade: calidade e usos do compost*”, a cargo de Montserrat Soliva Torrentó, doutora en Ciencias Químicas, profesora xubilada da Universidade Politécnica de Catalunya.

A visita

A primeira parte do evento comezou ás 12:00 h, na Praza da Fraga (Ciencias – Arquitectura), coa visita aos composteiros da UDC nos centros da Zapateira.

Estiveron presentes Manuel Soto, profesor de Enxeñaría Química na Facultade de Ciencias da UDC, Marcos Vázquez Trillo, do Grupo de Investigación de Enxeñaría Química e Ambiental e Ramón Plana, consultor ambiental, experto en procesos de compostaxe.

Nesta parte práctica explicouse o proceso de transformación de restos de materia orgánica en fertilizantes estables (compostaxe), así como o procedemento máis adecuado para obter un compost de calidade, tendo en conta determinados parámetros, como a temperatura.

Ademais, salientáronse os beneficios que implica o emprego do compost:

- Beneficios económicos, como consecuencia dun menor custo na xestión da fracción orgánica do lixo.
- Beneficios ambientais, pois conséguese unha mellora da estrutura do solo, o que implica unha menor perda de produtividade deste a longo prazo.
- Beneficios sociais, como consecuencia dos anteriores.

A conferencia

Ás 13:00 h, no salón de actos da Facultade de Ciencias, Montserrat Soliva Torrentó, doutora en Ciencias Químicas, impartiu a conferencia “*Compostaxe e sustentabilidade: calidade e usos do compost*”.

Especializada en compostaxe e na caracterización, a diagnose e a aplicación de residuos orgánicos ao solo, esta doutora participou en numerosos proxectos de investigación e asesorou a empresas sobre o tratamento de residuos orgánicos.

A conferencia tivo unha duración dunha hora e media, que coa visita práctica supuxo unha duración total de 2,5 horas que se tiveron en conta para a consecución do crédito de libre elección ofertado no ciclo da Primavera Ambiental, que concluíu con esta actividade.

III. CONCLUSIÓNS

DA PRIMAVERA AMBIENTAL



Ao peche da programación da Primavera Ambiental concedeuse un crédito de libre configuración a todos os asistentes a 12 horas de actividades. Ao mesmo tempo, levouse a cabo unha iniciativa de avaliación dos distintos aspectos dos eventos realizados desde a Oficina de Medio Ambiente a través dos bolseiros OMA mediante unha enquisa enviada aos participantes.

Con respecto á dita sondaxe pódese extraer que a gran maioría dos asistentes volverían repetir coa súa implicación. Unha das actividades estrela foi o ciclo de cine, que tivo moi boa acollida malia a pouca afluencia debida ao horario das proxeccións. A II Feira da Sustentabilidade e a conferencia sobre compostaxe en Galicia tamén son outros dos actos destacados.

Moitos dos participantes expresaron o seu interese nos temas tratados nos distintos eventos organizados, así como a importancia do recoñecemento a nivel académico desa implicación.

Un dos motivos polos cales a comunidade universitaria non colaborou máis activamente nestas actividades foi a incompatibilidade co horario lectivo. Tamén incidiron en non realizar actos en épocas de exames.

A maioría dos participantes coñeceu a programación a través de carteis na Universidade, moi poucos mediante as redes sociais (páxina do Facebook da OMA, biciblog ou blog do medio ambiente da UDC). Cómpre dar máis difusión nun futuro a estas últimas alternativas, xa que son as máis utilizadas polos universitarios na actualidade.

No tocante ao traballo realizado polos bolseiros da OMA, cren que constitúe un labor necesario de divulgación e concienciación co medio ambiente que é importante levar a cabo dentro da propia Universidade.

Ante unha posible actividade para os vindeiros anos baseada na realización de saídas dedicadas á conservación da natureza, a limpeza e o coidado dos ríos e bosques nos fins de semana, a gran maioría estaría disposta a participar. Ao mesmo tempo, tamén expresan o seu interese pola mobilidade en bici na cidade e sobre todo cara á Universidade, se de xeito previo ou paralelo ao préstamo de bicis se levase a cabo unha marcha ciclista da ruta a seguir e se proporcionasen indicacións para a circulación de forma segura.



A OMA NA REDE

Desde o comezo da nosa actividade na Oficina de Medio Ambiente (OMA), os bolseiros empregamos a rede como medio de comunicación principal, tanto a nivel interno como externo, para informar e promover as nosas actividades.

Os espazos web empregados son a páxina oficial da OMA, a rede social *Facebook* e o servizo de publicación de blogs *Blogger*.



Páxina oficial (www.udc.es/sociedade/medio_ambiente/)

O espazo oficial da OMA na web da UDC é onde se publican as comunicacións oficiais. No apartado da páxina principal, *Actualidade*, atópanse as novas e actividades máis recentes. No menú da esquerda pódense observar os diferentes apartados, que conteñen actividades pasadas, proxectos, exposicións, informes ou ligazóns, entre outros datos.

Este espazo non é xestionado polos bolseiros, aínda que contén os informes das actividades e os eventos da OMA, elaborados por nós.



Facebook

A rede social é o principal medio de comunicación dos bolseiros, mediante tres diferentes seccións: o perfil, a páxina e o grupo privado.

Perfil Bolseiros OMA

Activo só durante un tempo, en xuño decidimos trasladar a nosa actividade unicamente á páxina para preservarmos a privacidade dos usuarios relacionados co perfil.

A partir dese momento, o perfil pasou a ser privado e todas as comunicacións son realizadas a través da páxina.

Páxina Bolseiros OMA

A páxina é a nosa ferramenta primordial na rede, xa que constitúe a vía principal de comunicación externa e de promoción, empregada para publicar novas, artigos de interese, actividades, exposicións, xornadas e calquera outro evento relacionado co labor da OMA, ademais de ser o espazo onde se cargan as fotografías dos eventos.

Como se expón no manual de bolseiros, é un espazo que esperamos que se conserve en vindeiras xeracións de bolseiros desta oficina.

Grupo privado Bolseiros OMA 2010/11

Este grupo é a nosa vía principal de comunicación interna, xa que a través del contactamos entre os bolseiros para programar eventos, coordinar as nosas actividades ou comentar calquera circunstancia relativa ao grupo.



Blogger

Contamos con dous espazos neste servizo de publicación de blogs: o blog da OMA e o *biciblog*.

- Blog da Oficina de Medio Ambiente (<http://medioambienteudc.blogspot.com/>)

Blog que inclúe novas, artigos de interese, actividades programadas, vídeos e outros contidos relacionados co medio ambiente.

Neste espazo web pódese encontrar tamén o *Calendario Verde*, que amosa as actividades programadas non só pola oficina, senón tamén por outras institucións relacionadas co medio ambiente e a sustentabilidade, como por exemplo Masa Crítica.

Contén ligazóns a outros blogs de interese ou relacionados co labor da OMA, coma o da Asociación Fiare Galiza ou a Cooperativa Zocamiñoca.

- Biciblog (<http://biciblogudc.blogspot.com/>)

O biciblog é un proxecto que achega un amplo catálogo de rutas aos usuarios do servizo de préstamo de bicicletas da UDC e a toda a xente que se desprazar en bici pola cidade da Coruña, así coma información sobre ordenanzas, prohibicións e avances na mobilidade sustentable en bicicleta.



As rutas que aparecen no blog están almacenadas no servizo *Wikiloc*, que amosa o percorrido no mapa, con outras indicacións.

O blog contén tamén información sobre todos os eventos que realiza Masa Crítica na cidade, ademais doutras actividades relacionadas coa mobilidade en bicicleta, artigos, vídeos, cursos, coma o de mecánica de bicicletas que se impartiu na UDC, e ligazóns a outros *biciblogs*.

Igual que sucede coa páxina de Facebook, esperamos que os bolseiros de vindeiras xeracións continúen coa actualización de ambos blogs.